

Olaaaaa!

Son a vosa profe Goretti e teño moitas ganas de volver ó cole e estar con vós, pero este bichiño quere que durante un tempo esteamos coas nosas familias e así podemos gozar delas. Estar na casa todo o día xa sei que é moi complicado, pero tedes moitas cousas chulis que podedes facer e que xa lles mandamos nunha notiña ás vosas familias.

Como recordades xa traballamos o corpo, a prehistoria, Exipto e agora estábamos traballando o espazo, bueno estábamos comezando... Na páxina que vos envío podedes traballar un pouco mais sobre o tema e tamén sobre as outras temáticas.

Agora vou explicar por apartados o que podedes facer nesta páxina coa axuda das vosas familias:

No **Parque digital** "**Palomitas de maíz**":

**As actividades e títulos dos apartados son en castelán.

APRENDEMOS Y JUGAMOS: atoparedes os xogos que van incluídos no CD que levastes a principio de curso para a casa, e non sei se irá incluído algún xogo a maiores.

CUENTOS ANIMADOS: neste apartado podedes visualizar de forma interactiva os contos das diferentes unidades que traballamos e que xa levamos para a casa en formato libro durante o curso.

VIDEO DOCUMENTALES DIDÁCTICOS: aquí aparecen uns pequenos documentais sobre os diferentes temas traballados, podedes velos e recordar cousas xa vistas. Ademais se queredes saber mais sobre o espazo hai dous vídeos sobre esa temática.

MATERIALES DE AULA DIGITALES: podedes traballar conceptos como a roupa adecuada para cada estación (que xa comezou a primavera e van comezar a nacer as flores), realizar pequenas sumas e restas, regretas, formas xeométricas, un dominó,...

CANCIONES Y KARAOKE: tedes incluídas as cancións de cada unidade e a posibilidade de cantalas con karaoke. Que a nós gústanos moito cantar e bailar!

CARTILLA DIGITAL DE INICIACIÓN A LA LECTURA: se queredes practicar un pouquiño a lectura entrade neste apartado. Podedes traballar tódolos niveis, pero do nivel IV e V non as vimos todas. Practicade un pouquiño na casa, e xa sabedes despaciño e sin agobiarse!

POP!: onde podedes traballar un pouquiño en inglés.

PÁGINAS DE INTERÉS EDUCATIVO: aquí aparecen diferentes vídeos das unidades que traballamos, os cales tamén son moi interesantes.

Por outra banda, no **Parque digital “Nuevo Jardín de las Letras”**:

CUENTOS DE LAS LETRAS: aquí podedes escoitar os contos das diferentes letras traballadas. Recordade que vimos ata a letra “y”, pero podedes ir coñecendo as que nos faltan, a súa grafía e o seu son (en minúsculas e maiúsculas).

RECURSOS DIGITALES INTERACTIVOS DE LECTOESCRITURA: aquí podedes formar palabras en minúscula e maiúscula.

JUEGOS DE ASOCIACIÓN DE IMÁGENES Y PALABRAS: neste lugar tedes que ler a palabra e asociala á imaxe que corresponda.

LAS CANCIONES DE LAS LETRAS: e para mover o esqueleto tedes aquí as cancións das letras.

Ah, e xa me esquecía... portádevos moi ben, que é moi difícil para todos estar metidos na casiña sen poder saír!

Un biquiño grande,

A vosa profe Goretti

